



CRITERIOS E MEDIDAS TENDENCIAIS

Asunto: Directrices sobre a formación do Marco Orzamentario

Grupo de Consolidación:

Entidade Local

Organismo Autónomo Administrativo: Xerencia Municipal de Urbanismo

Fundacións: MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU.

Período: 2027-2029

Dirixido a: Tesoureiro-Director Superior Contable e Orzamentario

En cumprimento da delegación da Área, por Resolución Xenérica da Alcaldía de (Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024), ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, establécense as directrices xerais do Marco Orzamentario de Medio Prazo do Grupo Concello de Vigo para o período 2027-2029.

O artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, e para o Concello de Vigo, para o perímetro definido arriba.

O artigo 6 da Orde, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

Para o ano 2026, os orzamentos das EELL, deberán liquidarse con superávit.

MEDIDAS DO ESTADO DE GASTOS CONSOLIDADO (todo o perímetro de consolidación)

CAPÍTULO 1. En canto ao gasto de persoal, hai que estar ao acordo regulador aprobado polo Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:00	Páxina 1 de 8
102-142	CSV: A7B9AA-DBA257-EE4988-1MGYW6-EL28K6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 102/142

En decembro de 2025 abonouse o incremento correspondente ao devandito ano do 2,5% sobre as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2024, incluído o incremento retributivo adicional e consolidable do 0,5%, con carácter consolidable e efectos de 1 de xaneiro de 2025.

En 2026 o incremento salarial será do 2% sobre a base das retribucións incrementadas en 2025. Esta subida, de carácter consolidable, abonarase en dous momentos: o 1,5% fixo no ano 2026 e o 0,5% restante abonarase no primeiro trimestre de 2027, se a variación interanual do IPC de 2026 é igual ou superior ao 1,5%.

Para os anos 2027 e 2028, contémplanse incrementos fixos do 4,5% e do 2%, respectivamente.

Para o ano 2027 e 2028, hai que ter en conta os axustes a acometer no servizo do SPEIS, así como outras prazas a crear atendendo aos estudos técnicos sobre a estrutura da plantilla, de aí que se considera axeitado e realista, prever un PUNTO adicional sobre o previsto legalmente

As previsións para o perímetro de consolidación axustaranse a seguinte proxección:

2026	2027	2028	2029
Orzamento inicial	% de variación	% de variación	% de variación
88.838.895.08	5.50%	3.00%	1.50%

Se as Leis de Orzamentos Xerais do Estado fixasen outra variación, o Orzamento que se tramite reflectirá a porcentaxe que se estableza pola devandita norma ou por calquera outra norma que altere as retribucións de persoal ao servizo do sector público previstas.

A dotación que reflecta o capítulo ten que posibilitar facer fronte aos custes da plantilla vixente, que inclúe ao persoal funcionario de carreira, interino, persoal laboral fixo, indefinido, laboral temporal así como o persoal eventual e concelleiros con dedicación exclusiva e parcial de todo o grupo de consolidación. A estimación de liquidación que está incorporada en expedientes en trámite, é de 73.691.146,61 euros.

CAPÍTULO 2. A súa dotación, deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramite, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato ou variación nas anualidades do mesmo.

No período de referencia hai que dotar axeitadamente os gastos do novo contrato do SAF, o novo contrato de mantemento de xardíns, a anualidade do servizo integral de residuos sólidos, así como o de limpeza das instalacións municipais e as modificacións contractuais que se teñan producido. As variacións deste capítulo deberán estar nos límites seguintes:

2026	2027	2028	2029
Orzamento inicial	% de variación	% de variación	% de variación
178.283.784.63	2.00%	2.00%	2.00%

XMU a variación anual é do 1,5%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:00	Páxina 2 de 8
102-142	CSV: A7B9AA-DBA257-EE4988-1MGYW6-EL28K6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 102/142

Nas previsións deste capítulo, o Orzamento do ano 2026, xa ten reflectido o novo custe do servizo de montes parques e xardíns para os 11 meses, co cal so hai que axustar o mes de xaneiro. O mesmo acontece co novo contrato do TUC, xa está previsto o novo custe para nove meses, polo que o axuste so afecta a tres meses.

O capítulo 2 da entidade local, matriz, o crédito inicial do ano 2026 é de 174.131.019,70 euros, polo que, 2 puntos adicionais supón un incremento de 3,5 millóns, que se consideran en principio suficientes para afrontar os axustes.

A estimación de liquidación que está estimada segundo expedientes en trámite, é de 176.764.687,19 euros.

CAPÍTULO 3. Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías. Non hai que facer dotación algunha para xuros de débeda ou préstamos, xa que o Concello non ten ningunha operación viva, polo que non hai devengo de xuros por préstamos financeiros.

2026	2027	2028	2029
Orzamento inicial	% de variación	% de variación	% de variación
60.980.00	0.50%	0.50%	0.50%

CAPÍTULO 4. As transferencias e subvencións correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes. Neste capítulo dótanse as transferencias de financiamento ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación, así como todas as de financiamento a outras entidades sectorizadas (Fundacións: Vide, Laxeiro), Entidade menor de Bembrive, Mancomunidade de Vigo, axudas aos usuarios de transporte, deporte, axudas de emerxencia, alimentos, vivenda, desafiuzamento: Neste capítulo a máis relevante é a axuda aos usuarios do TUC.

As previsións de crecemento, tendo en conta os axustes de consolidación son as seguintes:

2026	2027	2028	2029
Orzamento inicial	% de variación	% de variación	% de variación
36.960.463.86	2.00%	2.00%	2.00%

As contías son dos estados consolidados, xa deducidas as transferencias de financiamento aos antes do perímetro de consolidación, na Entidade, a contía deste capítulo é de 44.748.463,86 euros.

A estimación de liquidación que está incorporada en expedientes en trámite, é de 34.915.542,18 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:00	Páxina 3 de 8
102-142	CSV: A7B9AA-DBA257-EE4988-1MGYW6-EL28K6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CAPÍTULO 5. O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, que será coincidente ca prevista para o ano 2026, que representa o 0,2% do gasto non financeiro consolidado.

CAPÍTULO 6. O financiamento propio para os empregos en investimentos reais será co aforro, non haberá financiamento financeiro, é dicir, o Concello no prevé acudir ao mercado de capitais para financiar as operacións de capital non financeiras.

Incluiranse neste capítulo, todos os acordos en vigor, entre eles os convenios coa Excm. Deputación e Pontevedra e co MITMA, así como os fondos do EDIL e da Fundación Biodiversidade, as contías totais por anos, se prevén de 10 millóns de euros, polo que, a contía dos recursos destinados pola Entidade a este capítulo oscilarán entre 22 e 25 millóns, polo que, os investimentos van a representar un horquilla entre o 9 e 10% do orzamento total

CAPÍTULO 7. As transferencias e subvencións de capital, a dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV para a mellora dos seus activos. É de esperar que as contías sexan similares as previstas no ano 2026

CAPÍTULO 8. Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en ingresos; manténdose a dotación do ano anterior.

CAPÍTULO 9. Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas.

Este capítulo non está reflectir contía algunha, por non ter o Concello de Vigo débeda financeira con Entidades de crédito.

MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS CONSOLIDADO

Todos as variacións que se producirán nos ingresos propios municipais, non variarán o esforzo fiscal real de cada cidadá, o obxectivo e ampliar a base censal e a mellora na xestión, de tal xeito que o incremento na liquidación e recadación teña causa na xestión eficiente e manter a presión fiscal real.

Con carácter previo ao establecemento e fixación dos criterios de proxección dos ingresos, cumpre fixar a base de cálculo do ano 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:00	Páxina 4 de 8
102-142	CSV: A7B9AA-DBA257-EE4988-1MGYW6-EL28K6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Na formación do Orzamento 2026, a variación das entregas a conta pola Participación nos Tributos do Estado, fixouse nun 4,8%, computando nesta porcentaxe, a Liquidación do ano 2024. Contía prevista no orzamento 2026: 122.133.178 euros.

Contía comunicada despois da formación do Orzamento: 129.618.113 euros.

En consecuencia, o punto de partida do ano 2027, é ter en conta as contías notificadas, polo que a metodoloxía de cálculo debe ser: Ingresos dos capítulos afectados: 1, 2 e 4, deducir da contía prevista no Orzamento do ano 2026 os importes que corresponde ao IRPF, IVE, II.EE, FCF e Liquidación 2024, en cada caso aplicar a ese resultado unha actualización do 1,5% e para os conceptos antes citados, tomar a notificación oficial do Ministerio de facenda, proxectar o 3% para o ano 2027, o 2% para o 2028 e 1,5% para o ano 2029. A variación media entre o 2026, 2027, 2028 e 2029, será a seguinte:

Capítulo 1

2027: 1,72%

2028: 1,55%

2029: 1,5%

Capítulo 2

2027: 6%

2028: 1,5%

2029: 1,5%

Capítulo 4

2027: 8,05%

2028: 1,13%

2029: 1,00%

CAPÍTULO 1. Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmóveis (IBI, BICES), o Imposto de Actividades Económicas (IAE), o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).

Conforma igualmente este capítulo, a cesión na participación nos tributos do Estado do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das ordenanzas que se tramiten cada ano e a variación tendencial.

Nos capítulos 1, 2 e 4, onde ten incidencia a participación nos tributos do Estado, ten que tomarse en consideración a comunicación feita recentemente polo Ministerio de Facenda, que eleva as previsións contidas no orzamento do ano 2026 en case 7 millóns de euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:00	Páxina 5 de 8
102-142	CSV: A7B9AA-DBA257-EE4988-1MGYW6-EL28K6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 102/142

2026	2027	2028	2029
Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
127.979.057.93	1.50%	1.50%	1.50%

As variacións teñen causa no aumento das entregas a conta no ano 2026, fixéndose un incremento tanto para as cesións de Impostos como para o FCF, do 3%.

Nos impostos as variacións van a ser por axustes nos obxectos tributarios e nas bases de datos.

A variación tendencial proposta é inferior ca previsión de liquidación do ano 2026, superior ca liquidación efectiva do ano 2025 que foi de 124.241.115,75 euros, un 3,01% de variación 2025-2026 (previsión), sendo inferior ca actualización que se fixo das OF.

CAPÍTULO 2. Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, así como a cesión do IVE e Impostos especiais. Neste capítulo vai a ter especial incidencia a evolución do ICIO.

A variación neste capítulo é tendencial ademais da variación que se fai sobre o IVE

2026	2027	2028	2029
Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
15.094.806.64	1.50%	1.50%	1.50%

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF. O imposto relevante é o ICIO, non obstante, o ingreso representativo é o correspondente á cesión do IVE, sen prexuízo da liquidación correspondente ao ano 2025, que é de esperar sexa positiva.

A liquidación prevista para o ano 2026, é superior ca do ano 2025 nun 11%.

CAPÍTULO 3. Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, a súa variación tamén vai a seguir o criterio de variación tendencial e non aumentar a presión fiscal en termos reais..

2026	2027	2028	2029
Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
51.288.439.02	1.50%	1.50%	1.50%

XMU, a variación será do 3%, efecto da evolución no PXOM



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:00	Páxina 6 de 8
102-142	CSV: A7B9AA-DBA257-EE4988-1MGYW6-EL28K6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 102/142

CAPÍTULO 4. O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento, na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma, Plan Concertado e axudas ao transporte urbano colectivo.

A estimación inicial está en termos consolidados, deducindo as achegas que se fan aos entes que conforman o perímetro de consolidación (axustes de consolidación).

A variación fundamental está na variación entre o previsto inicialmente para o ano 2026 e a comunicación do Ministerio de Facenda posterior

2026	2027	2028	2029
Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
126.055.757.29	3.00 %	2.00%	1.50%

A media real é:

2027: 8,05%

2028: 1,13%

2029: 1,00%

CAPÍTULO 5. Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Os excedentes de tesourería conforman a maior parte deste capítulo, así como os rendementos do complexo de Beiramar, posibilita que a tendencia teña un crecemento máis relevante.

2026	2027	2028	2029
Estimación inicial	% de variación	% de variación	% de variación
6.498.500.00	1.00%	1.00%	1.00%

Neste capítulo no ano 2026, hai que ter en conta o canon pola posta a disposición do novo explotador dos aparcadoiros de P. Sanz, Areal e Pintor Colmeiro, que previamente o Concello adquire por nulidade do contrato á concesionaria Eloyamar que terá o seu impacto no Orzamento 2026. Este expediente está en fase inicial.

CAPÍTULO 6. Os alleamentos de investimentos reais comprenden os ingresos polas transaccións das parcelas. Non se prevé ningún, ademais, de producirse, tramitaríase a preceptiva modificación orzamentaria por xeración de créditos nos estados de gastos, sendo o emprego destes recursos de aplicación obrigatoria, salvo excepción, a operacións de capital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:00	Páxina 7 de 8
102-142	CSV: A7B9AA-DBA257-EE4988-1MGYW6-EL28K6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 102/142

Neste capítulo no ano 2026, hai que ter en conta a venta dos activos móbiles que o Concello adquire a actual prestadora do servizo e venta ao novo contratista.

CAPÍTULO 7. O Capítulo VII de Transferencias de Capital do Orzamento de Ingresos, vai a ter as previsións contidas nos acordos en vigor ou en trámite, sempre tendo en conta os convenios coa Excm. Deputación e Pontevedra en relación co Convenio anual de infraestruturas e o convenio co MITMA pola humanización da Avda. De Madrid, así como os Fondos FEDER polo EDIL, Fundación Biodiversidade que poden estar suxeitas a variacións en función da aplicación de novos acordos ou convenios.

CAPÍTULO 8. Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

CAPÍTULO 9. Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operacións de débeda no marco orzamentario de medio prazo, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario e por convenios con outras administracións.

LG/

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024.

Sinatura electrónica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:00	Páxina 8 de 8
102-142	CSV: A7B9AA-DBA257-EE4988-1MGYW6-EL28K6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		